CONCELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE,
SANIDADE E CONSUMO

ALCALDÍA
VIGO

# Ruta do Galiñeiro








VIGO
camiño a camiño

# Inicio de ruta



**Os autocares de Vitrasa** deixannos no termo municipal de Vigo, na rotonda superior de acceso ao Polígono da Pasaxe. Dende ahí debemos camiñar uns 500 metros pola estrada secundaria que se une á principal que vai a Vincios. Frente ao bar que sae na fotografía inicia a ruta ata o Galiñeiro, primeiro por un tramo de estrada con pouco tránsito e a poucos metros adentrámonos nas sendas da ruta.




Cartel de sinalización no inicio de ruta ao Galiñeiro



Hai que camiñar uns metros pasando xunto á canteira e con bastante pendente



Ao fondo dese tramo saímos da estrada á dereita

# Ruta Galiñeiro



Sinalización de desvío á dereita da estrada e inicio de camiños



Tras unha subida por camiño, chegamos a un descampado cunha fonte na parte superior



Descampado

# Ruta Galiñeiro



Á dereita no descampado atopamos un dos carballos máis significativos da ruta



Na zona alta do descampado, seguimos polo camiño



A poucos metros temos un cruce de camiños. Seguimos por onde indica a frecha

# Ruta Galiñeiro



A poucos metros atopamos outro cruce de camiños. Seguimos o sinal do GR de pequeno percorrido



Camiño polo sinal do GR



A subida de terra acaba chegando á estrada, onde colleremos á esquerda

# Ruta Galiñeiro



Tras coller á esquerda
metémonos nun camiño que
vai ata o merendeiro



Camiño ao merendeiro e vista
da parte norte do Galiñeiro



Collemos á dereita en
dirección á fonte do
merendeiro

# Ruta Galiñeiro



Pasada a fonte seguimos arriba, en dirección ao refuxio de Montañeiros Celtas



Saímos da zona valada cara arriba



Seguimos por esta zona de moita pendente ata ao refuxio... a modiño!

# Ruta Galiñeiro



Un pouquiño máis...



Unha última subidiña...



E por fin chegamos ao refuxio Miguel Regueira de Montañeiros Celtas

# Ruta Galiñeiro




Tras pasar o refuxio,
avanzamos uns metros cara
arriba e collemos á dereita
en dirección ao Monte Aloia



Polo camiñiño que levan
as cadelas



En breve faise algo máis
ancho

# Ruta Galiñeiro



Á esquerda dos picos Norte do Gali podemos atopar as primeiras cabras



Seguimos polo camiño



E a man dereita atopamos a primeira coelleira para cría

# Ruta Galiñeiro



Atoparemos moitos cabalos ao noso paso



Continuamos polo mesmo camiño



Ata chegar a unha senda maior que collemos á esquerda

# Ruta Galiñeiro



Senda a onde accedemos



Ainda que vexamos un cruce a poucos metros, seguimos recto



Apréciase claramente a subida que nos espera...

# Ruta Galiñeiro



A medio camiño atopamos outro cruce que non collemos e seguimos en dirección á loma do Raposo



Tras un par de curvas con moita pendente, apartamos á esquerda, xa que á dereita o camiño lévanos á loma do Raposo



E a poucos metros temos que deixar o Gr e coller á esquerda

# Ruta Galiñeiro



Por este camiño que
nos leva á Fonte



O camiño en breve
convirtese nunha baixada
empedrada. Tede coidado cos
nocellos



Tras un ratiño chegamos
ao cruce da fonte onde
podemos facer unha paradiña

# Ruta Galiñeiro




Sinalización no cruce da fonte



Se optamos por subir ao picacho Sur colleremos á esquerda durante uns 30 minutos e un km aproximado con moita pedra solta no camiño, ata a cota de 700 metros do Picacho sur... ollo que o último tramo "tira" bastante.



Subindo ao picacho, a man esquerda vemos outra coelleira

# Ruta Galiñeiro



Chegamos a unha desviación que collemos á esquerda ata o vértice xeodésico. Coidado coas pedras do camiño e ollade ben onde pisades.



Aquí está a subidiña e pódese apreciar ao fondo o vértice xeodésico.



Unha vez arriba, as vistas son impresionantes, pero é frecuente que faga moito vento, así que procurade levar unha prenda de abrigo. Baixamos polo mesmo camiño.

# Ruta Galiñeiro



Ao chegar de novo ao cruce da fonte, collemos á esquerda. Se optásemos por baixar recto dende o picacho sur, faríamolo polo cortalumes e chegaríamos ao punto de unión sinalado máis adiante



A man dereita seguimos vendo cabalos



A poucos metros á dereita atopamos este curioso regato

# Ruta Galiñeiro



Ao baixar por ese camiño collemos á esquerda, seguindo o GR



Outra coelleira a man dereita



A poucos metros desviámonos á dereita polo sendeiro do GR, sendo éste o punto de unión do grupo que optou baixar polo cortalumes dende o Picacho sur

# Ruta Galiñeiro



É un camiño estreito en dirección ao encoro de Zamáns



Coidado onde pisemos, porque este inverno o camiño ten moita auga e lodo



Tras percorrer un tramo, chegamos a unha senda máis ancha, seguindo recto

# Ruta Galiñeiro



Ao final dese tramo, continuamos polas sinalizacións do GR



Seguimos o GR sen desviarnos...



Á esquerda deste camiño

# Ruta Galiñeiro



Este último tramo "non ten perda" porque non deixamos o GR



Ata chegar ao encoro de Zamáns, que este inverno está cheiño



E collemos á esquerda

# Ruta Galiñeiro



Coidado ao pasar por debaixo destes troncos caídos nos temporais deste inverno



Chegamos á zona frondosa que vai ao Muiño de Maquías



Seguindo o caminiño

# Ruta Galiñeiro



Ata o Muiño, e unha vez pasado seguimos a sinalización de GR de Gran Percorrido (branco e vermello)



Ata chegar á estrada onde nos recollerán os autobuses de Vitrasa



¡Grazas por participar con nós nesta actividade!